

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Concellaría de Igualdade e Diversidade

Aprobación inicial da Ordenanza de igualdade e diversidade

ANUNCIO

Asunto: Aprobación inicial da Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria realizada o día 6 de maio de 2019, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade.

O texto da ordenanza e o seu expediente estarán expostos ao público, para os efectos de que as persoas interesadas poidan examinalos e presentar, de ser o caso, as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O exame do expediente pode realizarse:

- Na propia Concellaría de Igualdade e Diversidade (praza de María Pita, 1-2.º, A Coruña)
- No taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)
- Na web da Concellaría de Igualdade e Diversidade <http://www.coruna.gal/igualdade>.

O prazo de exposición pública é de 30 días hábiles de acordo co disposto no apartado b) do artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local, que se contarán desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Se non se presentase ningunha reclamación ou suxestión neste prazo, entenderase definitivamente adoptado o texto da Ordenanza municipal de igualdade obxecto de aprobación inicial.

A Coruña, 8 de maio de 2019.

O alcalde, p.d. (Decreto 2964/2017. BOP núm. 132 do 13.07.2017)

O concelleiro delegado de Emprego e Economía Social

Alberto Lema Suárez

2019/3716